XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

RESOLUCIÓN POLA QUE SE EMITE O DOCUMENTO DE REFERENCIA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume
Órgano promotor: Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Código: 1515/2013

ANTECEDENTES

1. O 04.10.2012 o Consello da Xunta acorda iniciar o procedemento da elaboración do Plan territorial integrado (PTI) da bacía hidrográfica do río Eume.
2. O 03.04.2013 recíbese na Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, o documento de inicio correspondente ao PTI da bacía hidrográfica do río Eume. Este documento foi exposto ao público na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dende o 08.04.2013 ata o 08.05.2013 consultándose ao mesmo tempo aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras Administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, regula os instrumentos de ordenación do territorio.
2. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, establece e regula o procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
3. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, integra a avaliación ambiental estratéxica no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio; establecendo no artigo 7.3 que o órgano ambiental, no prazo de tres meses dende a recepción da documentación necesaria, trasladaralle ao órgano promotor o documento de referencia (DR), cuxo contido debe ser público, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril.
4. O Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente as directrices de ordenación do territorio, prevé o desenvolvemento deste PTI na súa determinación 10.1.2 c).
5. O Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinala como órgano ambiental responsable da tramitación dos expedientes sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Visto canto antecede, **RESOLVO**

1. Aprobar o documento de referencia do *Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume*, no que se inclúen os comentarios recibidos durante a fase de consultas (anexo I).
2. Dar publicidade a este documento na web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental.
3. Notificar esta Resolución á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2013

Justo de Benito Basanta
Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

DOCUMENTO DE REFERENCIA

Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume

Índice

1. DESCRICIÓN E VALORACIÓN DA PROPOSTA

1.1. MARCO LEGAL E OBXECTIVOS DO PLAN
1.2. ALTERNATIVAS
1.3. DESCRICIÓN DO PLAN E DO ÁMBITO

2. CONSIDERACIÓNS PARA A SUSTENTABILIDADE DO PLAN

2.1. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS RELACIONADOS
2.2. VARIABLES, ASPECTOS CLAVE E CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE
2.3. INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS

3. ESTRUTURA E CONTIDO DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

4. DEFINICIÓN DAS MODALIDADES DE INFORMACIÓN E CONSULTA E IDENTIFICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AFECTADAS E PÚBLICO INTERESADO

4.1. MODALIDADE DE INFORMACIÓN E CONSULTA
4.2. AMPLITUDE DA CONSULTA
4.3. INFORME DE PARTICIPACIÓN E CONSULTAS

ANEXO I: RESULTADO DAS CONSULTAS E DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO DOCUMENTO DE INICIO

ANEXO II: ASPECTOS CLAVE E CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE

ANEXO III: INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS

ANEXO IV: ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

1. Descrición e valoración da proposta

1.1. Marco legal e obxectivos do Plan

En relación ao **marco legal dos plan territoriais integrados** (PTI), a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, crea e regula as directrices de ordenación do territorio (DOT), como instrumento de expresión da política territorial que constituirá o marco xeral de referencia, e os PTI, como instrumento para o seu desenvolvemento.

De acordo coa citada Lei e coas DOT (10.1 Determinacións para o desenvolvemento destas directrices), no documento de inicio encádranse os PTI no primeiro nivel de desenvolvemento de ditas Directrices coa vocación de servir para avanzar cara ao equilibrio territorial por medio da planificación en fervenza. Trátase de instrumentos dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou aquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, precisen dunha planificación infraestrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado.

En canto aos **obxectivos dos PTI**, no apartado 1.1 "Obxectivos xerais" do documento de inicio cítanse os extraídos directamente das DOT aplicables a calquera destes instrumentos, os cales poden resumirse nos seguintes:

- Contribuír a un modelo territorial que teña en conta a potencialidade do medio físico e capacidade de acollida para os distintos usos e servir de referencia para a posta en marcha de estratexias de desenvolvemento endóxeno.
- Propiciar a cooperación supramunicipal e establecer orientacións estratéxicas para o establecemento dos instrumentos de desenvolvemento rural e unha colaboración estreita urbano-rural.
- Consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades de referencia, así como fortalecer a súa identidade, singularidade, calidade urbana e a capacidade competitiva.
- Reforzar a rede de núcleos de pequeno e mediano tamaño como elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación e á minoración da regresión demográfica.
- Establecer criterios do uso de solo rústico, atendendo as súas potencialidades e a compatibilidade ambiental.
- Activar procesos de renovación en espazos deteriorados nos núcleos rurais e centros históricos.
- Constituír un marco de referencia, tanto para os plans e proxectos sectoriais como para o planeamento urbanístico, e establecer criterios para as consideracións ambientais, sociais e económicas nas iniciativas urbanísticas e sectoriais. Igualmente, establecer orientacións para o desenvolvemento do parque de vivendas e solos de actividade que podan ser recollidas nos plans sectoriais.
- Potenciar as infraestruturas de telecomunicación e desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+I. Tamén, fortalecer os equipamentos e as dotacións dos núcleos estruturantes do territorio co fin de aumentar o seu atractivo como lugar de residencia, e achegar referencias para o desenvolvemento dun sistema infraestruturas e equipamentos con capacidade para vertebrar do territorio.

No que respecta á **regulación do PTI da bacía hidrográfica do río Eume**, a súa elaboración está prevista na determinación 10.1.2 das DOT, xunto cos PTI para o desenvolvemento dos distintos niveis do sistema de asentamentos de alcance supramunicipal, os PTI Camiños de Santiago e rutas históricas e aqueles que o Consello da Xunta estableza. En liña con isto, segundo se expón, será o segundo plan territorial integrado que deriva das DOT na Comunidade Autónoma, despois do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).

De conformidade coa natureza do Plan, como síntese dos **obxectivos específicos** cítase *"constituír o instrumento de referencia no que se plasmarán os criterios, principios e normas territoriais da*

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

comunidade autónoma para o ámbito vertebrado pola conca hidrográfica do Eume, co fin de harmonizar e compatibilizar o desenvolvemento sostible deste territorio coa conservación e potenciación dos seus valores naturais, garantindo o uso sostible e o mantemento e mellora das súas condicións socioeconómicas, paisaxísticas e ambientais".

Tamén se recollen de forma máis detallada diversos **obxectivos específicos**, que, nalgúns casos, se corresponden con actuacións do propio Plan, e se poden resumir nos seguintes:

- Alcanzar un desenvolvemento sostible, tras identificar e integrar as dinámicas territoriais nos procesos de transformación.
- Garantir a calidade paisaxística nas actuacións, para o que se procederá á caracterización da paisaxe.
- Constituír unha base sólida para a definición de estratexias e políticas con carácter territorial, que prestará especial atención á incidencia do lago na definición de usos do solo e ás condicións para o desenvolvemento dos núcleos vinculados aos agrosistemas rurais da Capela e Monfero, e que aportará un mapa de usos compatibles, que poderán recoller os instrumentos de planeamento urbanístico.
- Sentar as bases, xunto co Plan hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC), para a redacción do Plan hidrolóxico da bacía do Eume, delimitar as zonas inundables e regular a compatibilidade de usos.
- Caracterizar o medio hídrico, establecer un control do estado das masas de auga, un plan de mellora da súa calidade, e unha análise das demandas e compatibilidades do seu uso.

Avaliados os obxectivos específicos citados no documento de inicio, cómpre sinalar que teñen en conta o territorio, a planificación concorrente e as variables ambientais posiblemente afectadas polo que se consideran adecuados.

De cara á elaboración do ISA, lémbrase que na análise de coherencia (apartado 3.8 deste DR) se deberá xustificar a compatibilidade destes obxectivos coa diagnose do medio e coas alternativas propostas. Ademais, cada un deles deberá ser medible a través de indicadores (ver apartado 3.9 deste DR), co fin de verificar o seu grao de cumprimento durante o desenvolvemento do Plan.

1.2. Alternativas

O documento de inicio (apartado 2.3) contén un esbozo das alternativas obxecto de avaliación, no que se consideran e describen un total de tres opcións para a elaboración do PTI: a alternativa "0" ou "tendencial", a alternativa "1" e a alternativa "2" ou "de eficiencia"; cuxa descrición é a seguinte:

- A alternativa "0" ou "tendencial**"** consiste en non elaborar o PTI, continuando coas pautas de transformación do territorio das últimas décadas, baseadas nas ferramentas de planeamento urbanístico e que na actualidade contan co marco normativo das DOT.
- A alternativa "1" propón incorporar o ámbito da bacía do río Eume nos distintos plans territoriais integrados que se elaborasen en virtude da determinación 10.1.2.a) das DOT para o desenvolvemento dos distintos niveis do sistema de asentamentos proposto.
- A alternativa "2" denominada "de eficiencia", supón a elaboración deste PTI caracterizando o territorio dende unha perspectiva hidrolóxica, sen prexuízo do desenvolvemento dos distintos niveis de asentamento propostos nas DOT.

Nesta fase do procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE) selecciónase a alternativa "2" como proposta inicial do Plan. A súa elección baséase en que respecto á alternativa "1" introduce a compoñente hidrolóxica e que respecto á alternativa "0" ten un carácter transversal e integrador.

En canto a esta primeira análise de alternativas, no tocante ás **propostas presentadas** sinalar que se ben se poden considerar diferentes opcións sobre a redacción e contido do Plan, aportarase unha reflexión sobre a prioridade no seu desenvolvemento fronte a outros PTI de bacía.

De forma xeral, lémbrase que o ISA deberá avaliar todas as alternativas consideradas en base á integración dos aspectos clave. Esta avaliación terá en conta os efectos de cada alternativa sobre as

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

variables de sustentabilidade establecidas neste documento, de xeito que a elección da seleccionada se xustifique pola integración dos criterios de sustentabilidade (ver anexo II deste DR).

1.3. Descrición do Plan e do ámbito

Como se ven de dicir, a **proposta inicial de Plan** consiste na elaboración dun documento no que a análise e a diagnose territorial se pretende facer dende a perspectiva hidrolóxica, sen prexuízo do desenvolvemento dos distintos niveis do sistema de asentamentos proposto nas DOT. Segundo se expón, farase énfase nos procesos de sustentabilidade e integración paisaxística, con revisión dos desaxustes territoriais detectados, que permita ter en conta e poñer en valor o conxunto de elementos produtivos, naturais, culturais e sociais.

No que respecta ao contido previsible do Plan, detallarase o seu **ámbito temporal**, a súa vixencia e a metodoloxía para a súa modificación ou revisión, de ser o caso.

Inicialmente, o ámbito de estudo ven definido pola bacía hidrográfica do río Eume, que delimita unha área de carácter supramunicipal con relacións funcionais que fan conveniente unha planificación integrada de usos, recursos e equipamentos. De acordo coa información aportada, afecta a un total de 14 municipios (Pontedeume, Cabanas, Vilarmaior, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez, Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba e Abadín) e concretará a delimitación en Concellos como Irixoa, Aranga ou Guitiriz, pola pequena porcentaxe incluída na bacía do Eume.

Non obstante, tal e como especifica o documento de Inicio, o **ámbito territorial** do Plan será o definido no Acordo do Consello da Xunta coas particularidades que podan derivar do mellor coñecemento territorial resultado do proceso da diagnose.

Nese sentido, o informe remitido pola **Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico** evidencia a incidencia da planificación na bacía sobre a zona costeira, mais alá dos límites da bacía do Eume, entre outros, sobre as zonas de produción de moluscos e a calidade das augas.

Tamén, en canto á diagnose, atendendo á escala de análise que requira cada variable ambiental, considerase oportuno exceder os límites da conca.

Dita diagnose debe servir de base para a formulación de obxectivos e para a proposta de alternativas, polo que deberá ter en conta todos os elementos do medio condicionantes da planificación, como por exemplo a totalidade de espazos e elementos de interese natural, as zonas con riscos, as infraestruturas, etc. Tamén deberanse ter en conta as observacións feitas no apartado 2.2 deste DR para cada unha das variables afectadas co fin de ofrecer unha información completa do territorio.

No que se refire á **elaboración do PTI**, de acordo co artigo 13 da Lei 10/1995, do 23 novembro, no apartado 2.2 do documento de inicio sinálase que conterá os documentos gráficos e escritos que sexan necesarios para reflectir as seguintes determinacións:

- Diagnóstico territorial da área, en especial no referente aos recursos naturais, poboación, planeamento vixente e situación socioeconómica.
- Definición dos obxectivos de ordenación, con especial atención ao estudo das posibilidades de desenvolvemento socioeconómico no marco do modelo das DOT.
- Sinalamento dos espazos aptos para vivir de soporte ás grandes infraestruturas, determinando a situación e características daquelas que deban crearse ou modificarse para potenciar o desenvolvemento socioeconómico comarcal.
- Criterios, principios e normas xerais que constitúan o referente para a ordenación urbanística municipal.
- Propostas relativas aos espazos que deban ser obxecto de remodelación, rexeneración ou rehabilitación, a fin de evitar a súa degradación ou conseguir a súa recuperación para usos, total o parcialmente distintos.
- Definición da situación dos equipamentos e servizos de interese común para os municipios englobados no Plan, tendo en conta que non se produzan desequilibrios territoriais nas zonas limítrofes de distintos municipios.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Estimación das superficies de solo que deban reservarse con destino a algunha das seguintes finalidades: construción de vivendas de protección oficial ou promoción pública de solo industrial ao obxecto de posibilitar a formación de polígonos urbanizados.
- Criterios, normas e principios necesarios para o desenvolvemento das súas determinacións.

Respecto a estas determinacións, o ISA alcanzará un nivel de detalle que se concretará en función dos resultados da diagnose do medio.

Finalmente, sobre o contido previsto, en liña co requirido pola Lei 10/1995, do 15 de xuño, lémbrase que a determinación 10.1.6 das DOT establece que os PTI promoverán un desenvolvemento do territorio ordenado e eficiente, contribuirán a unha planificación racional do uso do solo, e definirán os usos máis idóneos en coherencia co modelo territorial que se formula e cos diagnósticos de partida. Neste sentido, o Plan tamén:

- Delimitará o ámbito concreto de actuación.
- Orientará os usos do solo de maneira racional.
- Establecerá relacións entre as paisaxes e as áreas funcionais identificadas.
- Identificará e analizará as actividades económicas estratéxicas en consonancia coas áreas funcionais.

2. Consideracións para a sustentabilidade do Plan

2.1. Plans, programas e proxectos relacionados

No apartado 2.1 do documento de inicio, relaciónanse algúns dos **instrumentos de ordenación do territorio concorrentes** que, segundo se expón, inciden nos Concellos pertencentes á bacía do Eume. Entre estes instrumentos cítase o POL, o Plan sectorial de áreas empresariais na Comunidade Autónoma (en tramitación) e diversos proxectos sectoriais de infraestruturas (liñas eléctricas, parques eólicos, gasodutos, etc.)

No tocante a estes instrumentos, no Plan deberán quedar identificados todos aqueles con incidencia no ámbito como o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) do espazo natural das Fragas do Eume (Decreto 211/1996, do 2 de maio), de acordo co subliñado no informe do Servizo de Conservación da Natureza que se xunta (anexo I). Identificaranse tamén aqueles que se atopen en tramitación e os proxectos sometidos a calquera outro procedemento de avaliación ambiental. Deberá informarse da súa xerarquía respecto do PTI, avaliarse a súa relación e xustificar a súa coherencia segundo a metodoloxía de análise de compatibilidade estratéxica (ACE), tal como se sinala no apartado 3.8 deste DR.

Nesta análise de compatibilidade terase especialmente en conta o PORN das Fragas do Eume, o cal, segundo o artigo 6.3 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, prevalece sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física.

Como instrumentos a ter en conta, sen prexuízo doutra normativa de aplicación sobre o PTI, cítanse os seguintes:

- Instrumentos aprobados:
  - Directrices de ordenación do territorio (DOT).
  - Plan de ordenación do litoral (POL).
  - Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.
  - Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia.
  - Plan sectorial eólico de Galicia.
  - Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa (PHGC, actualmente en tramitación o novo Plan).
  - Avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) e identificación das areas con risco potencial significativo de inundación (ARPSIS) da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Plan de saneamento de Galicia 2000-2015.
- Plan de abastecemento de Galicia (Plan Auga 2010-2025).
- Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013
- PORN do espazo natural das Fragas do Eume.

– Instrumentos en elaboración:

- Plan director de mobilidade alternativa de Galicia.
- Plan director de estradas de Galicia 2009-2020-Plan MOVE.
- Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.
- Plan director da Rede Natura 2000.
- Proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Plan director de acuicultura litoral.
- Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal.
- Plan de recuperación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L*. subsp. *lusitanica Steinbacher*) en Galicia.

No referente ao **planeamento municipal**, no documento de inicio (apartado 2.1 e plano "Planeamento urbanístico do ámbito") infórmase da normativa urbanística vixente dos 14 concellos afectados polo PTI e sinálase que este Plan analizará as figuras de planeamento existentes co obxecto de identificar aqueles tratamentos desiguais e non adaptados á normativa aplicable.

En canto a este planeamento, deberá atenderse á alegación feita polo Concello das Pontes de García Rodríguez durante a exposición pública do documento de inicio, a cal se xunta a este DR (anexo I). En dita alegación sinálase que na páxina 10 do documento de inicio dise que "*o PXOM está recén licitado, cando na realidade foi contratado en data do 29 de novembro de 2011 e remitido o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data do 25 de abril do ano en curso (saída nº 1504)".* Tamén deberá revisarse o dato da normativa vixente en Cabanas, que segundo a información da web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas son as Normas subsidiarias municipais do 13 de novembro de 1987.

Respecto aos **proxectos con incidencia ambiental**, sería apropiado ter en conta todos os desenvolvidos nos Concellos afectados, xa que poden afectar ao ámbito da bacía no caso de variables como sociedade e economía, mobilidade, enerxía, etc. Entre estes proxectos, de acordo coa información dispoñible nesta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, figuran proxectos de infraestruturas (hidroeléctricas, parques eólicos, liñas de alta tensión, gasodutos, estradas, depuradoras, etc.), de minería, relacionados coas actividades económicas (creación de parques empresariais e instalacións para granxas animais, acuicultura, xestión de residuos, etc.) e outros, como vertedoiros, áreas recreativas, adecuación e mellora de camiños, concentración parcelaria e repoboación forestal.

2.2. Variables, aspectos clave e criterios de sustentabilidade

De acordo co proceso de AAE, o planeamento deberá incorporar uns obxectivos ambientais tomando como referencia os **obxectivos** e **criterios de sustentabilidade** que se relacionan no anexo II deste DR, de cara a contribuír *"ao desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, á cohesión social e á mellora da calidade de vida da poboación e á utilización racional do territorio e á sustentabilidade ambiental"*, en coherencia co modelo territorial que establecen as DOT.

Estes criterios organízanse por **aspectos clave**, que ao mesmo tempo se agrupan por **variables** de sustentabilidade, entendendo estas como aqueles elementos territoriais (paisaxe, patrimonio natural, patrimonio cultural, territorio, sociedade e economía) e aspectos ambientais (mobilidade, enerxía, atmosfera e cambio climático, ciclo hídrico e ciclo de materiais) sobre os que o Plan vai incidir ou polos que se vai ver afectado. Os aspectos clave deberán constituír a base para a análise de alternativas e a avaliación dos efectos, e sobre eles deberá xustificarse a coherencia externa do Plan.

Con isto, no ISA deberá xustificarse a adopción destes criterios en todo o proceso de elaboración do Plan, dende o diagnóstico que se faga do territorio ata a formulación de obxectivos e a análise de

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

alternativas, verificando o cumprimento destes na proposta final, tal e como se indica no apartado 3.8.a) deste DR.

Se ben o Plan deberá ter en conta todos os criterios do anexo II, a continuación realízanse unha serie de consideracións sobre as variables de sustentabilidade para facilitar a súa integración, tomando como referencia o documento de inicio achegado polo órgano promotor.

- **PAISAXE**:

No documento de inicio establécese como **obxectivo específico relacionado coa paisaxe** *"garantir a calidade paisaxística das actuacións"* para o que se identificarán e caracterizarán os diferentes tipos de paisaxe existentes en cada área paisaxística.

En coherencia co anterior, dito documento inclúe unha **análise inicial da paisaxe** na que se identifican as grandes áreas paisaxísticas e as comarcas definidas pola Estratexia galega da paisaxe no ámbito (plano "Áreas e comarcas paisaxísticas") e na que se diferencian como elementos de identidade a paisaxe do carbón, da auga e do lago.

No apartado 3 do documento de inicio faise referencia á análise de coherencia, que deberá conter o ISA, e aos aspectos clave para a sustentabilidade a considerar, os cales se distribúen por variables ao final do epígrafe.

No citado apartado, no tocante á paisaxe, considérase como aspecto clave a integración paisaxística e sinálase que a *"integración no PTI das análises realizadas nos catálogos da paisaxe das áreas paisaxísticas correspondentes suporá unha cualitativa mellora do coñecemento dos valores e fraxilidades paisaxísticas".* Ao respecto, xa que o ámbito carece do correspondente catálogo da paisaxe, aplicaralle a determinación excluínte 8.5 das DOT, que establece que en ausencia ditos catálogos, o Plan seguirá os criterios xerais establecidos na memoria das DOT.

Tras estas observacións, subliñar que para acadar o obxectivo establecido e garantir o cumprimento do aspecto clave, o Plan contará co **estudo paisaxístico** que se detalla no apartado 3.11 deste DR, que conterá unha explicación da metodoloxía empregada.

Na **caracterización da paisaxe** sería recomendable que se identificasen os espazos de interese paisaxístico, os principais puntos de observación, os itinerarios paisaxísticos e as áreas de mellora ambiental e paisaxística que inclúan aqueles espazos nos que priorizar actuacións de mellora da calidade. De igual modo, sería interesante detectar as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas á mellora da imaxe do territorio, prestando especial atención ás posibilidades existentes para restaurar ámbitos deteriorados, como sinalan as DOT na determinación 8.8.

- **PATRIMONIO NATURAL**:

Respecto a esta variable, cómpre sinalar que o documento de inicio a ten en conta na súa redacción e na proposta de elaboración do Plan. Neste sentido, formúlase un obxectivo específico relacionado co patrimonio natural, considéranse como elementos estratéxicos (apartado 1.3) os espazos naturais protexidos e os corredores ecolóxicos, identifícanse algúns dos espazos naturais presentes no ámbito (apartado 2.1 e plano "Espazos protexidos. Ampliación da Rede Natura") e defínense como aspectos clave para a sustentabilidade a integración paisaxística e a conservación do patrimonio natural (apartado 3).

En canto á **identificación de espazos naturais**, cítanse as zonas de especial protección dos valores naturais e lugares de importancia comunitaria (ZEPVN, LIC) "Ortigueira-Mera", "Fragas do Eume", "Xubia- Castro" e "Serra do Xistral"; o parque natural das "Fragas do Eume" e a reserva da biosfera "Terras do Miño". Tamén se identifican como espazos protexidos polo PHGC as 9 zonas de captación de auga potable para consumo humano e o tramo de interese piscícola do Eume.

O **diagnóstico territorial do Plan** que, segundo se expón no apartado 2.2.1 do documento de inicio, estudará o sistema natural e os espazos de interese ambiental conforme os criterios das DOT, ademais dos espazos naturais citados tamén debe ter en conta:

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Os hábitats de interese comunitario, especialmente os de carácter prioritario (fonte: cartografía oficial do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente).
- As áreas prioritarias de conservación, de presenza e de distribución potencial das especies de fauna e flora.
- Os humidais do Inventario de humidais de Galicia.
- Os puntos de interese xeolóxico (PIX, "ría de Ares", "embalse do Eume" e "dique e lignitos das Pontes de García Rodríguez").
- As zonas de protección para a avifauna ás que lles será de aplicación as medidas de protección contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión establecidas no Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto.
- Os espazos protexidos delimitados polas normas subsidiarias provinciais "val inferior do Eume" e "serra do Xistral e do Cadramón".
- As áreas continuas (protección ambiental, mellora ambiental e paisaxística e ordenación litoral) e descontinuas (corredores ecolóxicos e espazos de interese xeomorfolóxico e de protección de ladeira) do POL localizadas no ámbito da bacía.

En consonancia co obxectivo xeral dos PTI *"establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais nas iniciativas urbanísticas e sectoriais"*, nesta diagnose deben considerarse outras posibles áreas cun interese local ou supramunicipal que complementen a funcionalidade das xa protexidas, tal e como sinalan as DOT na súa determinación 7.2.1 b); polo que a análise desta variable pode estenderse fóra do ámbito xeográfico da bacía.

En liña co anterior e conforme ao artigo 45.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e Biodiversidade, estudarase a afección directa ou indirecta do Plan sobre os espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000 co obxecto de realizar a avaliación das repercusións deste sobre ditos espazos. Neste estudo consideraranse outras figuras de protección recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza ou calquera outra lexislación reguladora de espazos naturais, flora e fauna.

Con relación á afección sobre os espazos naturais, sinalar que o PTI debería identificar e avaliar os efectos dos diferentes usos e actividades económicas existentes no ámbito. Neste sentido prestarase especial atención ás actividades mineiras autorizadas e/ou proxectadas na bacía, como a mina de andalucita de Pico Vello no Concello da Capela, pola súa proximidade ao parque natural Fragas do Eume e, como sinala a Sociedade Galega de Historia Natural na alegación que se xunta (anexo I), pola posible ameaza para o abastecemento de dito Concello dende o río Belelle.

Tamén, en cumprimento das determinacións excluíntes 7.2.2 e 7.2.3 das DOT e de acordo co aspecto clave "fragmentación do territorio", preveranse mecanismos de conectividade ecolóxica e estableceranse ou restableceranse corredores ecolóxicos, cando menos entre as áreas estratéxicas de conservación. Como corredores ecolóxicos consideraranse: os cursos fluviais, as áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que sos ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formacións de interese ecolóxico. Toda esta información debe incluírse nunha análise específica de carácter supramunicipal de conectividade, que integre os valores produtivos e a compoñente paisaxística.

No que se refire á **identificación de especies**, de acordo co Catálogo galego de especies ameazadas e co Sistema de información territorial da biodiversidade da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, tense constancia da presenza das seguintes especies en perigo (*Emberiza schoeniclus lusitanica, Burhinus edicnemus*) e vulnerables (*Morcegos cavernicolas, Rana temporaria, Morcegos cavernicolas, Dryopteris aemula, Hymenophyllum tunbrigense, Dryopteris aemula, Woodwardia radicans*) polo que se terán presentes os plans de conservación e recuperación aprobados ou en tramitación; entre os que figura o Plan de recuperación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L*. subsp. *lusitanica Steinbacher*) en Galicia.

Finalmente, co fin de determinar adecuadamente a capacidade de acollida do ámbito, a análise de usos deberá estudar as súas características xeolóxicas. Deste xeito, tratarase de evitar efectos negativos provocados por futuros desenvolvementos como a acidificación dos recursos hídricos detectada tras a execución da AG-64.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- **PATRIMONIO CULTURAL:**

No que atinxe ao patrimonio, salientar que o documento de inicio tamén o ten en conta. Do mesmo xeito que se sinalou na variable anterior, este documento contén un obxectivo relacionado co patrimonio (valor identitario do ámbito), identifica algúns bens patrimoniais de interese nos Concellos afectados (apartado 2.1) e define como aspecto clave para a sustentabilidade a conservación do patrimonio cultural (apartado 3). Así mesmo, no apartado sobre o diagnóstico territorial do Plan, (apartado 2.2.1), sinala que estudará os espazos de interese patrimonial.

En canto á **identificación dos elementos patrimoniais**, cítanse os seguintes bens de interese cultural (BIC): o conxunto histórico "comarca eumesa" e os monumentos "torre dos Andrade", "pazo-fortaleza dos condes de Andrade" e "castelo da Nogueirosa" en Pontedeume, "colexiata de San Xoan de Caaveiro" na Capela, "castelo de Aranga" no mesmo Concello e "mosteiro de Santa María" en Monfero.

No **diagnóstico territorial**, polo seu interese cultural e turístico, deberían terse en conta todos os BIC localizados nos Concellos afectados, entre os cales, segundo información do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte se atoparían: o "castelo torre de Teodomiro" no Concello de Aranga, o "castelo de Pobra" en Guitiriz, o "castelo torre de Roupar" en Xermade, o "castelo torre de Muras" e o "castelo torre de San Xoan" en Muras, o "castelo torre de Codesimo" e o "castelo torre de Andrade" en Vilalba e o "castelo de Castromaior" en Abadín.

En relación con estes BIC, cómpre sinalar que as DOT definen os Concellos da Capela, Pontedeume e Monfero como concellos de interese do patrimonio cultural pola existencia de ditos bens. Ademais, o Concello de Pontedeume foi declarado Municipio de Interese Turístico Galego, ao cumprir os requisitos esixidos no *Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia do Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico.*

O PTI tamén singulariza os núcleos interiores vinculados ao patrimonio natural de As Neves (A Capela) e Rebordelo (Monfero), recollidos nas DOT, polos seus valores e como potenciais receptores de recursos turísticos xeradores de desenvolvemento económico. En consonancia coa determinación 3.4 das DOT, o Plan ordenará estes núcleos en congruencia coa súa posición estratéxica en relación ás áreas de conservación, aos ámbitos de interese patrimonial e á rede de itinerarios de interese paisaxístico e ambiental e os procesos de dinamización apoiaranse fundamentalmente na rehabilitación das construcións existentes e na mellora das infraestruturas e os equipamentos.

No tocante ao aspecto clave **conservación do patrimonio cultural,** sinalar que o documento de inicio alude á determinación 9.5 das DOT, pola cal se incluirán as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos ámbitos de interese do patrimonio cultural inventariados e que podan identificarse como resultado da análise do Plan, con especial incidencia no patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

Segundo dita determinación, deberá garantirse a compatibilidade do desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas cos anteditos ámbitos de interese patrimonial e os seus plans especiais previstos na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural, cando corresponda.

- **OCUPACIÓN DO TERRITORIO**:

No que respecta a esta variable, no documento de inicio defínense diferentes obxectivos relacionados coa ocupación do territorio que teñen que ver cos usos do solo e o establecemento de determinacións para o seu desenvolvemento. Tamén se ten en conta o modelo das DOT (espazos urbanos de cabeceiras e subcabeceiras, os nodos de equilibrio do territorio e os núcleos e espazos rurais) e os espazos industriais e de innovación como elementos estratéxicos (apartado 2.1) e, como aspectos clave, establécese a calidade do solo, a exposición a riscos naturais e tecnolóxicos e a vocacionalidade dos ámbitos.

De acordo cos aspectos clave de calidade do solo e vocacionalidade dos ámbitos, o Plan incluirá unha **análise dos usos do solo** que estableza a capacidade de acollida do territorio para cada uso.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Esta análise debe considerar toda a bacía e a contorna co fin de garantir a continuidade e conectividade dos usos. Neste sentido, deben terse en conta os instrumentos de ordenación do territorio concorrentes como as DOT (modelo de asentamento definido no documento de inicio como elemento estratéxico), o POL (modelo de áreas) e todo Plan que implique clasificación e desenvolvemento do solo (plans municipais, proxectos sectoriais, etc.).

De forma particular, en canto aos **riscos naturais e tecnolóxicos**, o documento de inicio define como aspecto clave a súa exposición, polo que de cara ao seu correcto tratamento e de acordo coa determinación 1.2.r) das DOT, o PTI deberá avalialos e xestionalos de acordo coas metodoloxías propias de análise de riscos. Neste sentido, no caso dos riscos naturais terase en conta que os Concellos de Aranga, Guitiriz, Monfero e Vilalba son zonas de alto risco de incendios segundo Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal e que nos Concellos das Pontes de García Rodríguez e Muras se localizan as áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) xa grafadas no plano "Presións" do documento de inicio.

De ser o caso, aplicaranse o **principio de conectividade** no sinalamento dos espazos aptos para servir de soporte ás grandes infraestruturas, na situación dos equipamentos e servizos de interese común para os Concellos do ámbito, etc., co fin de evitar a fragmentación ecolóxica, paisaxística, funcional e social do territorio. En calquera caso evitarase a aproximación a elementos e hábitats fráxiles e ás zonas con pendentes.

- **SOCIEDADE e ECONOMÍA**:

O documento de inicio define un obxectivo específico relacionado con estas variables (*"recoñecer o carácter e as dinámicas do ámbito como elementos de dinamización social e económica, de xeito que as posibles transformacións garantan un desenvolvemento sostible"*), considera os espazos industriais e de innovación como elementos estratéxicos e establece como aspectos claves a competitividade económica, o equilibrio no desenvolvemento económico, a cohesión social, a calidade de vida da poboación e a gobernanza.

En liña co obxectivo e os aspectos clave, no apartado 2.2.1 sinálase que o diagnóstico territorial da área incluirá un estudo poboacional, a súa dinámica e tendencia como elemento prioritario para a valoración dos posibles escenarios socioeconómicos futuros de cara a propiciar un territorio con máis cohesión; o que se considera adecuado.

Para a elaboración deste **estudo socioeconómico**, tendo en conta a posible incidencia do PTI na superficie dos Concellos localizada fóra do ámbito da bacía, así como nos Concellos próximos, recoméndase que dito estudo teña en conta esta afección. Polo tanto, teranse en conta os límites administrativos das comarcas (Betanzos, Eume, Terra Cha e Ferrol) e dos Concellos afectados e aportarse información sobre a dinámica poboacional (xénero, crecemento vexetativo e migracións), unha análise detallada por sectores (pesqueiro, agrícola, industrial, enerxético, construción, comercial, hostalería e lecer, actividade turística e sector público), os plans de dinamización económica, o desenvolvemento tecnolóxico e a capacidade adquisitiva da poboación (renda familiar dispoñible e produto interior bruto por habitante). Asemade sería conveniente facer unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO).

En base aos resultados deste estudo, se o Plan incorporase algunha previsión respecto da necesidade de solo industrial de promoción pública, xustificarase en base á oferta e demanda existente, a localización do ámbito e tendo en conta tanto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia como o modelo de asentamento proposto nas DOT. Ademais, identificaranse aquelas actividades reguladas pola Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación que contan con autorización ambiental integrada entre as que se atopan as incluídas na seguinte táboa:

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

ACTIVIDADES AUTORIZADAS

CLAVE	NOME EXPEDIENTE	TITULAR
2003/0331	Central de ciclo combinado de Endesa	ENDESA GENERACIÓN S.A.
2005/0264	Planta de almacenamento, clasificación, fragmentación e sistema electrolítico desestañado botes lata	DANIGAL RECUPERACIONES FÉRRICAS S.L.
2005/0479	Unidade de produción térmica e vertedoiro controlado de residuos non perigosos na Pontes	ENDESA GENERACIÓN S.A.

- **MOBILIDADE**:

Para un tratamento adecuado desta variable, o Plan deberá formular un obxectivo específico relacionado con esta variable e incluír unha análise de mobilidade.

Esta **análise de mobilidade** a realizar terá en conta a localización da bacía respecto do sistema de asentamento das DOT e os desenvolvementos residenciais e industriais existentes e propostos nos Concellos afectados. Tamén analizará e valorará as infraestruturas e modos de transporte existentes e previstos.

En canto ás infraestruturas e modos de transporte, de acordo co informe recibido da Dirección Xeral de Mobilidade (anexo I), o Plan tamén terá en conta as previsións do Plan director de mobilidade alternativa de Galicia (PDMAG), en elaboración, que para a zona prevé o itinerario C2 "Eume-Masma", entre Pontedeume, Vilalba e Foz, da Rede básica de vías ciclistas de Galicia, así como as medidas de acompañamento do PDMAG que poidan afectar, como a de potenciación da rede de sendas fluviais, ou o acondicionamento da rede viaria local.

- **ENERXÍA**:

No tocante a esta variable, o Plan deberá informar sobre a realidade enerxética no ámbito. En relación a isto, o documento de inicio inclúe o plano "Instrumentos de ordenación do territorio", no que se grafan os parques eólicos do Plan sectorial de Galicia localizados na bacía, e o plano "Presións", no que grafan entre outras, zonas denominadas "extraccións térmicas" e "extraccións hidroeléctricas" o cal se completará con todas infraestruturas eléctricas existentes como por exemplo as liñas de alta tensión (LAT) e os gasodutos que transcorren polos Concellos afectados.

O PTI conterá un **estudo das necesidades enerxéticas** no que se identifiquen os principais centros de produción e as infraestruturas de distribución do ámbito e da contorna, e no que estimará a produción e demanda enerxética. Tamén considerará a redución no consumo e a potenciación de enerxías renovables, para o que tomará como orientacións de partida as propostas recollidas no capítulo 4 do título III do POL, debido á concorrencia de ámbitos.

- **ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO**:

Se ben, o documento de inicio xa define como aspecto clave a calidade do aire (emisións de gases efecto invernadoiro), o Plan deberá informar da situación actual desta variable na bacía.

Para analizar correctamente esta realidade, o Plan deberá identificar os principais **focos emisores** de calquera tipo de contaminación (luminosa, acústica, electromagnética, etc.) e realizar unha aproximación ao seu comportamento, co obxectivo prioritario de evitar posibles efectos acumulativos e sinérxicos fronte ao establecemento de medidas. En relación a isto, salientar que no informe do **Servizo de Conservación da Natureza** da Delegación da Coruña sinálase que o estudo das emisións de gases de efecto invernadoiro e a súa xestión da análise de efectos podería incluír unha avaliación da capacidade de captación de CO_2 polas masas forestais e arbustivas protexidas dentro da área de aplicación do Plan; cuestión de debería considerarse.

En canto á contaminación acústica, o PTI incluirá o estudo acústico citado no apartado 3.11 deste DR, que zonifique acusticamente o ámbito de acordo cos usos existentes e coa súa capacidade de acollida. Este estudo tamén determinará a compatibilidade entre ditos usos.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- **CICLO HÍDRICO**:

No que se refire a esta variable, sinalar que o documento de inicio describe o ámbito da bacía, formula obxectivos específicos relacionados co ciclo hídrico, considera o Eume e os seus recursos como elementos estratéxicos e define como aspectos clave a calidade de auga e o consumo de recursos hídricos.

En canto á descrición do ámbito, o apartado 2.2.1 sobre diagnóstico territorial sinálase que o Plan conterá un **estudo pormenorizado dos recursos hídricos**, que en liña cos obxectivos formulados analizará os usos e demandas, as presións e incidencias antrópicas significativas, o réxime de caudais ecolóxicos e a súa implantación, o estado das masas de auga e a delimitación das zonas inundables (xa grafadas no plano "Presións" nos Concellos das Pontes de García Rodríguez e Muras).

Respecto ao estudo previsto, salientar que en coherencia co obxectivo específico que fai mención ao PHGC e a determinación 4.8.1 das DOT deberá terse en conta dita planificación hidrolóxica, así como aquela que se atopa en tramitación, como o novo PHGC e o Plan de seca, coa que tamén deberá ser compatible.

En canto aos informes e alegacións recibidas durante a fase de consultas do documento de inicio (ver anexo I deste DR):

- O **Servizo de Conservación da Natureza** da Delegación Territorial da Coruña considera necesario o estudo do réxime de oscilacións do caudal regulado do Eume dentro do espazo natural cara a unha imitación dos ciclos naturais, o cal quedará satisfeito co estudo do réxime de caudais ecolóxicos na masa de auga do río Eume e a súa posterior implantación, así como co estudo da compatibilidade de instalación de novas concesións ou aproveitamentos hidroeléctricos.
- A **Sociedade Galega de Historia Natural** alega sobre a actividade mineira, polo que sería apropiado aportar algunha observación sobre a posible afección de novos proxectos ligados a esta actividade sobre as augas. Concretamente podería darse resposta á suxestión desta Sociedade en canto que a mina de andalucita en Pico Vello supón unha ameaza para o abastecemento no Belelle para o Concello da Capela.

Finalmente cómpre sinalar que, de forma xeral, no tratamento desta variable deberase ter en consideración ou non do **informe da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico** (anexo I deste DR) sobre afección á zona costeira (desenvolvemento de proxectos nos Concellos de Cabanas e Pontedeume, existencia de bancos de moluscos, as zonas de produción de moluscos, normativa en vigor, etc.), que require o seguinte:

- Establecer de forma prioritaria un plan de mellora da calidade das augas contemplando as normas establecidas no Real Decreto 345/1993, do 5 de marzo, e Directiva 2006/113/CE, do 12 de decembro de 2006, sobre normas de calidade esixida ás augas para cría e produción de moluscos, que fixa os límites para determinados parámetros e se aplicará ás augas costeiras e salobres que necesitan protección ou mellora para permitir a vida e o crecemento dos moluscos.
- Analizar a evolución da calidade das augas pluviais e costeiras, a eficiencia dos sistemas de depuración, revisar os puntos de vertido autorizados e a orixe dos impactos negativos na calidade das augas.
- Avaliar a importancia dos recursos e das actividades pesqueiras e marisqueiras, a situación dos equipamentos portuarios e a incidencia das actividades relacionadas coa náutica recreativa e de lecer nos portos afectados polo Plan, Ares, Redes, Cabanas, Pontedeume e Miño.
- Establecer criterios para uso e utilización das augas, evolución da demanda en función do desenvolvemento industrial e urbanístico previsible, e hipótese dos efectos sectoriais do desenvolvemento do Plan nos Concellos do litoral e do interior.
- Identificar as masas de auga e propoñer un plan para eliminar os focos de contaminación, mellorar a depuración das augas fecais e industriais, garantindo un uso sostible do recurso compatible co cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- **CICLO DE MATERIAIS**:

O Plan debe informar da situación da xestión de residuos no ámbito, considerar o ciclo de materiais na formulación de obxectivos e promover a súa redución. Neste sentido, de acordo coa determinación 4.9.5 das DOT, deberá incluír as determinacións necesarias para fomentar a integración dos obxectivos e medidas previstas en canto a redución do consumo de materiais e da produción de residuos.

2.3. Indicadores dos obxectivos ambientais

Para coñecer en que medida o Plan formulado integra os obxectivos e criterios de sustentabilidade do anexo II, no anexo III relaciónanse algúns indicadores que permiten comparar a realidade "antes" do Plan coa situación planificada, os cales poden completarse con todos aqueles o promotor considere necesarios.

Ademais destes, que se poden considerar **indicadores de planeamento**, o órgano promotor terá que aportar un conxunto de **indicadores de seguimento**, que permitan avaliar a sustentabilidade do Plan no tempo a través do desenvolvemento das actuacións propostas. Estes indicadores deberán estar relacionados cos indicadores de planeamento propostos e terán que ser claros e facilmente medibles e contarán cun valor de referencia (desexado ou límite), que permita valorar o cumprimento dos obxectivos.

3. Estrutura e contido do Informe de sustentabilidade ambiental

De acordo co sinalado na Lei 9/2006, do 28 de abril, o ISA constitúe *"o instrumento a través do cal se identificarán, describirán e avaliarán os probables efectos significativos sobre o ambiente que podan derivarse da aplicación do Plan, así como as alternativas razoables, incluída entra outras a alternativa cero que podería supoñer a non realización do Plan".*

En liña co anterior, debe constituír un documento individualizado do Plan, coa información necesaria que permita coñecer a incidencia do planeamento sobre o territorio e deberá ir asinado polos seus autores, indicando a súa titulación. Se ben a súa información pode corresponderse con datos analizados máis en detalle noutras partes do Plan, o seu tratamento debe estar enfocado á xustificación da integración da sustentabililidade nas actuacións previstas, de xeito que a lectura única deste documento ofreza unha idea xeral da proposta e da súa incidencia no medio, cumprindo coa condición de ser accesible e intelixible para o público e as Administracións públicas.

Cómpre subliñar o feito de que o ISA non debe ser unha mera xustificación do Plan, senón que debe constituír o instrumento de integración da sustentabilidade no planeamento, e como tal, a avaliación ambiental debe formar parte de todo o proceso de toma de decisións que implica a elaboración deste.

Así, partindo da análise previa dos condicionantes do ámbito, dos obxectivos ambientais e da valoración das posibles alternativas, identificaranse e caracterizaranse os efectos sobre o medio da alternativa escollida, xustificando a integración das medidas preventivas e correctoras e establecendo o plan de seguimento que permita verificar o seu cumprimento.

En coherencia co recollido no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril e no seu anexo I, a continuación defínese a estrutura do ISA e os principais aspectos que deberá integrar este documento.

1. Análise do ámbito de influencia do Plan

Identificarase o ámbito de influencia do planeamento, tendo en conta que o seu alcance pode variar en función do elemento analizado, polo que deberán terse en conta os límites administrativos das comarcas, os Concellos, as unidades de coñecemento da bacía e o modelo territorial das DOT. Para a súa análise consideraranse as seguintes cuestións:

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

a) Descrición dos aspectos máis relevantes configuradores da situación actual, en coherencia coa documentación informativa do Plan. Ademais, identificaranse os problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais, así como os elementos estratéxicos do territorio que van condicionar e que se van ver afectados pola planificación.

b) Relación dos plans, programas e proxectos que poidan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos.

2. Definición de obxectivos ambientais

Estableceranse un conxunto de obxectivos ambientais coherentes cos obxectivos xerais e específicos que persegue o Plan, para o que se terán en conta os obxectivos de protección ambiental fixados na normativa de ámbito internacional, nacional e autonómico relacionada. A consideración destes obxectivos na elaboración do Plan terá que quedar debidamente xustificada no apartado da análise da coherencia, que se describe posteriormente.

Ademais, os obxectivos adoptados polo Plan deberán ser congruentes coas condicións territoriais e ambientais específicas do ámbito de planeamento analizadas no estudo que se fixo do territorio e para o que se tiveron en conta os aspectos clave sinalados neste DR.

3. Análise das alternativas e xustificación da proposta seleccionada

Tendo en conta que as alternativas constitúen o abano de posibilidades coas que acadar, co menor custe e o maior beneficio para o ambiente, os obxectivos do planeamento, deberanse considerar os seguintes aspectos:

a) Proposta de alternativas. Considerararanse como mínimo dúas alternativas, ademais da "alternativa cero" ou de non actuación, tendo que ser estas razoables e técnica e ambientalmente viables e estar definidas coa precisión necesaria para permitir a súa valoración.

Así, para a súa definición, terase en conta que as alternativas poden responder a cuestións de estratexia (para dar resposta ás necesidades detectadas) e de localización (atendendo a outras bacías susceptibles de desenvolvemento do seu PTI).

b) Valoración das alternativas propostas. As alternativas propostas serán valoradas en base ao cumprimento dos obxectivos do Plan e á integración dos aspectos clave establecidos no DR, xustificando a metodoloxía empregada para a valoración.

c) Xustificación da alternativa seleccionada. Explicarase razoadamente a selección da alternativa proposta, de acordo coa avaliación realizada, xustificando a súa conveniencia e adecuación aos obxectivos perseguidos polo Plan. Ademais, deberán atenderse as observacións feitas no apartado 1.2. deste DR.

4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

A correcta identificación e caracterización dos efectos derivados do desenvolvemento da alternativa seleccionada vai contribuír á mellor integración dos obxectivos e criterios de sustentabilidade definidos neste DR. Polo tanto, haberá que facer:

a) A descrición do Plan e das posibles repercusións significativas no ambiente.

b) A identificación e valoración dos posibles efectos ambientais derivados destas actuacións (secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos, etc.) sobre os aspectos clave. En todo caso, xustificarase a metodoloxía empregada sinalando as posibles dificultades atopadas.

5. Medidas previstas

Describiranse as medidas dirixidas a previr, reducir e contrarrestar ou corrixir, na medida do posible, calquera efecto negativo significativo no medio derivado da aplicación do Plan.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Xustificarase que coa aplicación das medidas definidas se contribúe á integración dos criterios de sustentabilidade, sinalando aquelas que deberán aparecer na planificación de rango inferior cuxo ámbito sexa concorrente, debendo quedar recollidas na propia normativa do Plan.

6. Plan de seguimento

Definirase un plan de seguimento que permita coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre elas e, por outra, verificar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos.

Para elo, establecerase unha batería de indicadores, de xeito que se poda analizar a evolución no tempo coa situación de partida e a planificada. Para cada indicador incluirase, na medida do posible, o valor de referencia que permita determinar a necesidade de aplicar as medidas propostas para corrixir os efectos negativos producidos, identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos ou reconducir o Plan no caso de que non se estivera a producir unha consecución dos seus obxectivos, podendo levar a súa modificación ou revisión.

Ademais, o plan de seguimento deberá marcar os prazos, formas e recursos para a recompilación, tratamento e análise da información, considerando neste proceso a participación do órgano ambiental coa remisión de informes a este de forma cuadrienal ou trienal, segundo estea establecido o plan de etapas do Plan.

7. Informe sobre a viabilidade económica

Xustificarase a viabilidade económica das alternativas propostas (o que pode ser a xustificación da elección dunha alternativa fronte a outras), das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos así como os custes do plan de seguimento.

8. Análise da coherencia

Analizarase a coherencia interna e externa, tal e como se sinala a continuación:

a) Coherencia interna e integración dos criterios ambientais. Analizarase en que medida o Plan define uns obxectivos de carácter ambiental coherentes, por unha banda, co diagnostico realizado e por outra, coa alternativa proposta. Xustificando ademais como foron integrados os criterios ambientais establecidos no DR en todo o proceso de planificación (diagnóstico, definición dos obxectivos ambientais, análise de alternativas, avaliación dos efectos, proposta de medidas e plan de seguimento).

b) Coherencia externa. Avaliarase o grao de compatibilidade entre o Plan e os instrumentos de rango superior, no que as DOT, constitúen o marco de referencia. Realizarase a través da metodoloxía de Análise da compatibilidade estratéxica (ACE) proposta na determinación 10.1.18 das DOT, incluíndo os seguintes apartados:

- Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade: xustificarase cómo foron considerados os efectos do Plan sobre os aspectos clave que definen as DOT.
- Proceso de decisión: analizarase a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o planeamento. Considerarase a coherencia en fervenza, analizando a relación do Plan cos obxectivos das DOT, así como a coherencia transversal cos obxectivos da planificación sectorial, para o que se terán en conta os plans identificados, de acordo co sinalado no apartado 2.1 deste documento.
- Relación cos elementos territoriais estratéxicos: avaliarase a relación do Plan cos elementos estratéxicos do ámbito, tomando como referencia os identificados no apartado de *Análise obxectiva da contorna* das DOT.

Como exemplo de ACE pódese consultar o realizado no apartado 10 do ISA do Plan de Ordenación do Litoral.

9. Resumo non técnico

Incluirase un resumo, en termos facilmente comprensibles, da información facilitada nos apartados previos.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

10. Cartografía ambiental

O ISA incluirá os planos necesarios para a correcta descrición ambiental do ámbito, que deberá conter como mínimo os seguintes planos:

a) Unidades de paisaxe e cuncas visuais de interese.
b) Elementos e espazos de interese natural (considerando os espazos naturais protexidos, os elementos naturais ou xeolóxicos de interese, os hábitats de interese comunitario, os refuxios ou enclaves de fauna ameazada, etc.).
c) Xeolóxico.
d) Hidroloxía e hidroxeoloxía.
e) Capacidade agrolóxica dos solos.
f) Capacidade de acollida do territorio.
g) Elementos de interese patrimonial.
h) Usos do solo.
i) Riscos naturais e tecnolóxicos.
j) Ordenación do planeamento municipal vixente.
k) Zonificación acústica en áreas acústicas e no seu caso, delimitación de reservas de sonido de orixe natural e das servidumes acústicas.

A documentación cartográfica que se elabore axustarase ás especificacións técnicas que figuran no anexo IV deste documento. No caso de que haxa planos que se aporten no propio Plan, farase referencia no ISA á súa localización, e sintetizarase a información que aportan.

11. Anexos

O ISA incorporará, os estudos específicos necesarios para garantir un mellor coñecemento das características ambientais do medio, da correcta integración dos criterios de sustentabilidade e do cumprimento das esixencias normativas, facilitando a posterior avaliación de efectos ambientais do Plan. Por tanto, o ISA deberá conter os seguintes:

- *Estudo da paisaxe:* identificaranse e caracterizaranse as cuncas paisaxísticas e as unidades de paisaxe do ámbito, valorándose a súa calidade, fraxilidade e capacidade de absorción visual e aportando a documentación cartográfica necesaria para a valoración conxunta da paisaxe do ámbito.

- *Estudo da conectividade do territorio:* realizarase unha análise específica de carácter supramunicipal da conectividade dos ecosistemas e biótopos, tendo en conta os valores produtivos do territorio e a compoñente paisaxística, de acordo coa determinación excluínte 7.2.3 das DOT. Neste estudo analizarase a funcionalidade e conectividade ecolóxica, identificando e valorando os corredores ecolóxicos existentes que definen e vertebran o ámbito do Plan, ademais de valorar o estado da fragmentación dos hábitats e comunidades biolóxicas.

- *Estudo da afección aos espazos naturais:* avaliarase a afección directa e/ou indirecta do Plan sobre os espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000 de conformidade co artigo 45.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e Biodiversidade; considerándose tamén as figuras de protección recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza ou calquera outra lexislación reguladora de espazos naturais, flora e fauna.

- *Estudo acústico*: identificaranse as principais fontes de ruído que afecten ao ámbito do Plan e delimitaranse en áreas acústicas o ámbito do Plan, de acordo cos usos existentes na bacía e a súa capacidade de acollida, de conformidade co establecido na Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. Incluiranse os planos da zonificación acústica e no seu caso das reservas de sonido de orixe natural e das servidumes acústicas.

- *Estudo hidrolóxico*: avaliaranse as afeccións do Plan sobre o dominio público hidráulico e as súas zonas de protección e identificaranse as zonas con potencial risco de asolagamento. Definiranse, para as zonas con risco de asolagamento, as avenidas para os períodos de

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

retorno de 100 e 500 anos e, para o dominio público hidráulico, a máxima crecida ordinaria. Incluiranse os planos da rede fluvial e das bacías vertentes de escorrenta superficial existentes, das redes de saneamento e abastecemento e das zonas que deban preservarse da urbanización ou nas que se deban impoñer condicións especiais.

4. Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións públicas afectadas e público interesado

4.1. Modalidade de información e consulta

A fase de consultas sobre o Plan, incluído o ISA, será realizada por parte do órgano promotor, a través da **posta a disposición do público da documentación completa do Plan** durante un prazo de **2 meses** para o seu exame e formulación de observacións por parte do público en xeral. Daráselle publicidade mediante anuncio da información pública no Diario oficial de Galicia (DOG) e en dous dos xornais de maior difusión na Comunidade, de acordo coa lexislación reguladora do procedemento para a aprobación do planeamento.

Simultaneamente á información pública, o órgano promotor deberá **consultar** como mínimo, **ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado** recollidos no presente DR, ademais de solicitar os informes sectoriais correspondentes derivados da lexislación sectorial aplicable.

4.2. Amplitude da consulta

4.2.1. Administracións públicas

1. Administración Xeral do Estado:
   - Ministerio de Agricultura, Alimentación e Ambiente:
     - Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, no tocante ás actuacións que afecten á protección, conservación e delimitación do dominio público marítimo-terrestre dentro do ámbito.
   - Ministerio de Fomento:
     - Dirección Xeral de Aviación Civil, en canto ao radar das Pontes, á zona de servizo do aeroporto da Coruña de interese xeral e aos seus espazos circundantes suxeitos ás servidumes aeronáuticas.
     - Dirección Xeral de Estradas, en todo o relacionado coa Rede de Estradas do Estado, incluída a avaliación e xestión do ruído ambiental relacionada con esta.
     - Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), en canto ás infraestruturas ferroviarias e ao trazado de liñas de servizos de viaxeiros e loxísticos; así como no tocante ao seu patrimonio.
   - Calquera outro Ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.
2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:
   - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
     - Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, concretamente á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, en relación á calidade do ISA, para o que se enviará o Plan completo en formato dixital.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Dirección Xeral de Mobilidade, en canto ás iniciativas de transporte sostible existentes de programas e dos plans de mobilidade en curso.
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acerca dos espazos naturais protexidos, dos hábitats, flora e fauna de interese; así como dos recursos cinexéticos e piscícolas.
- Organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, respecto á ordenación, protección e xestión da paisaxe.
- Ente público Augas de Galicia, no tocante á protección dos recursos hídricos e á súa dispoñibilidade para os usos previstos polo planeamento, á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas e as zonas identificadas con risco de inundación.
- Axencia Galega de Infraestruturas, en canto á Rede de estradas de titularidade autonómica de Galicia e os seus plans de actuacións.

– Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
  - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, acerca da conservación e protección do patrimonio cultural.

– Consellería de Sanidade:
  - Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, respecto aos posibles riscos sobre a saúde da poboación.

– Consellería do Medio Rural e do Mar:
  - Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, acerca dos montes veciñais en man común e dos montes públicos; dos instrumentos de xestión de montes existentes; do risco de perigo de incendio forestal e das zonas de concentración parcelaria.
  - Secretaría Xeral do Mar, en relación á ordenación pesqueira, marisqueo e acuicultura e protección dos recursos mariños.

– Consellería de Economía e Industria:
  - Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, acerca das redes de distribución e infraestruturas de enerxía previstas e/ou existentes, así como dos dereitos mineiros solicitados ou outorgados.

– Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

3. Administración Local:

– Deputación provincial da Coruña.

– Concellos: Pontedeume, Cabanas, Vilarmaior, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez, Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba e Abadín, ademais de todos aqueles que se atopen na súa área de influencia.

4.2.2. Público interesado

De acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, considérase público interesado toda persoa física ou xurídica na que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como as persoas xurídicas sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Entre outros, consideraranse:

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Federación Ecoloxista Galega.
- Asociación ecoloxista Amigos da Terra.
- Federación Galega de Medioambiente.
- Fundación Galicia Sustentable.
- Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá.
- Asociación Euroeume.
- Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos.

4.3. Informe de participación e consultas

O órgano promotor elaborará un documento único no que se describa o procedemento seguido durante o período de información pública e consultas e un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, ademais da xustificación de como se tomaron en consideración e se integraron no Plan.

Con carácter previo á aprobación provisoria do Plan, o órgano promotor remitirá ao órgano ambiental a documentación completa do Plan (integrando as modificacións resultantes da fase de consultas), a proposta de memoria ambiental e o citado informe de participación e consultas, que irá acompañado da seguinte documentación compulsada:

- Certificación coas datas do período de información pública, nº do DOG e relación dos diarios seleccionados para a súa difusión (incluídas as datas de publicación).
- Relación das solicitudes de informes sectoriais e das consultas establecidas neste DR (Administracións públicas e público interesado), incluíndo as datas de solicitude destes, obtivesen ou non resposta.
- Copia dos informes recibidos e das alegacións, non sendo en principio necesario, achegar copia das alegacións presentadas por particulares que non atendan a cuestións ambientais.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

ANEXO I: Resultado das consultas e da exposición pública do documento de inicio

O documento de inicio remitiuse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver Decreto 54/2013, do 21 de marzo que modifica o Decreto 77/2012, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental) para que o público en xeral fixera comentarios acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables ao Plan, que puideran axudar á redacción do presente DR.

Durante esta fase de consultas, recibiuse resposta da Dirección Xeral de Mobilidade, do Servizo de Conservación da Natureza da Delegación Territorial da Coruña, da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico e do Concello das Pontes, así como da Sociedade Galega de Historia Natural, como público interesado.

A continuación exponse un resumo dos informes recibidos, os cales son remitidos xunto co presente DR ao órgano promotor.

Dirección Xeral de Mobilidade

Sinala que se deberán ter en conta, no tratamento dos aspectos clave da variable "Mobilidade", as previsións do Plan director de mobilidade alternativa de Galicia, en elaboración, que para a zona prevé o itinerario C2 "Eume-Masma", entre Pontedeume, Vilalba e Foz, da Rede básica de vías ciclistas de Galicia, así como as medidas de acompañamento do citado Plan que poidan afectar, como a de potenciación da rede de sendas fluviais, ou o acondicionamento da rede viaria local.

Servizo de Conservación da Natureza (Delegación Territorial da Coruña)

En canto á afección aos recursos naturais protexidos, salienta que o parque natural das Fragas do Eume e lugar de interese comunitario (LIC) homónimo Es 1110003 adscrito á Rede Natura 2000, inclúese case na súa totalidade no ámbito de aplicación do Plan, polo que a incidencia sobre este é de gran importancia.

En liña co anterior, fai as seguintes observacións:

- O Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais das fragas do Eume (PORN), establece no seu artigo 3, a clasificación do territorio do espazo natural en diferentes categorías co obxecto de compatibilizar o uso sostible dos recursos naturais coas distintas actividades que se desenvolven nel.
- A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, establece no seu artigo 6 punto 3, que os PORN prevalecen sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física, constituíndo as súas disposicións un límite para este, e as súas determinacións non poderán alterar aquelas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación existentes.
- No punto 2.1. denominado "Aproximación ao ámbito do PTI", no apartado de "Instrumentos de ordenación do territorio" non se inclúe o PORN das Fragas do Eume mencionado anteriormente.
- No punto 2.2.1 denominado "Diagnóstico territorial da área, en especial no referente aos recursos naturais, poboación, planeamento vixente e situación económica" se fai referencia ao estudo do sistema ambiental e aos espazos de interese ambiental, incorporando accións e medidas para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, sinalando o que será obxecto de estudo pormenorizado no ámbito dos recursos hídricos, incluíndos os seus réximes ecolóxicos. Neste punto poderíase engadir o estudo do réxime de oscilacións do caudal regulado do Eume dentro do espazo natural cara a unha imitación dos ciclos naturais.
- No punto 3 denominado "Efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación territorial e sectorial e as normas aplicables. Análise de compatibilidade

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

estratéxica", no referente á análise dos efectos da planificación sobre os aspectos clave detectados polas DOT, poderíase incluír no estudo das emisións de gases de efecto invernadoiro e na súa xestión, unha avaliación da capacidade de captación de CO_2 polas masas forestais e arbustivas protexidas dentro da área de aplicación do Plan.

- No apartado 4.3 correspondente á lexislación autonómica non se fai referencia ao Decreto 221/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais das fragas do Eume (PORN), nin ao Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declara o parque natural das Fragas do Eume.

Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico

No tocante á afección á zona costeira, informa do seguinte:

- No ámbito costeiro poden desenvolverse proxectos con efectos significativos no medio ambiente e legalmente sometidos a avaliación ambiental como os derivados de proxectos de acuicultura, pesca ou xestión de residuos hídricos. Neste sentido sinala que a incidencia das actividades pesqueiras, o marisqueo e a náutica recreativa, son relevantes nos Concellos de Cabanas e Pontedeume, polo que considera que o Plan teña como ámbito todo a bacía hidrográfica.
- Na parte interna da ría de Ares e no esteiro do río Eume localízanse importantes bancos de moluscos como os da Canle de Ferro, O Fabal, Os Moteis, Croa Grande ou Canal da Pía, que presentan produción de especies como berberecho *Cerastoderma edule*, ameixa fina *Ruditapes decussatus*, ameixa xaponesa *Ruditapes philippinarum* e ameixa babosa *Venerupis pullastra*.
- A ría de Ares e a desembocadura do río Eume están declaradas como zona de produción de moluscos pola Orde do 19 de xullo de 2010 e posteriormente, polas ordes de 14 de maio de 2011, do 6 de xullo de 2011, do 28 de xullo de 2011, do 23 de novembro de 2011, do 5 de outubro de 2012 e do 30 de abril de 2013.
- Os parámetros microbiolóxicos das augas, na zona costeira e no esteiro do río Eume, indican unha elevada contaminación fecal, polo que a denominada Zona GAL 04/01, Ría de Ares-Betanzos, está subdividida en varias zonas diferenciando as que pertencen á clase A, B ou C, consonte ao Regulamento (CE) 854/2004, do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen as normas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo, para permitir a explotación e comercialización dos moluscos nos bancos nos que se cumpren as normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal establecidas no Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento europeo e do Consello do 20 de abril.
- Na desembocadura do Eume están delimitadas tres zonas, a Zona GAL 04/03, parte externa do Eume, clasificada como zona B estacional, pasando a zona C de abril a outubro, a Zona GAL 04/04, enseada dos Moteis, clasificada como zona B provisional e a Zona GAL 04/05, parte interna do esteiro do Eume, clasificada como zona B estable. Na zona de Miño a enseada de Bañobre, Zona GAL 04/06, está clasificada como C provisional.
- Xa fóra dos límites do PTI da conca do río Eume, no esteiro do río Mandeo, están as zonas GAL 04/07; GAL 04/08 e GAL 04/09, clasificadas como zonas de clase C.

A continuación fai as seguintes observacións:

- A Directiva 79/923/CEE foi derrogada pola Directiva 2006/113/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa á calidade esixida ás augas para cría de moluscos.
- Estima prioritario establecer un plan de mellora da calidade das augas contemplando as normas establecidas no Real Decreto 345/1993, do 5 de marzo, e Directiva 2006/113/CE, do 12 de decembro de 2006, sobre normas de calidade esixida ás augas para cría e produción de moluscos, que fixa os límites para determinados parámetros e se aplicará ás augas costeiras e salobres que necesitan protección ou mellora para permitir a vida e o crecemento dos moluscos.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- O Plan debe analizar a evolución da calidade das augas pluviais e costeiras, a eficiencia dos sistemas de depuración, revisar os puntos de vertido autorizados e a orixe dos impactos negativos na calidade das augas.
- Avaliar a importancia dos recursos e das actividades pesqueiras e marisqueiras, a situación dos equipamentos portuarios e a incidencia das actividades relacionadas coa náutica recreativa e de lecer nos portos afectados polo Plan, Ares, Redes, Cabanas, Pontedeume e Miño.
- Establecer criterios para uso e utilización das augas, evolución da demanda en función do desenvolvemento industrial e urbanístico previsible, e hipótese dos efectos sectoriais do desenvolvemento do Plan nos Concellos do litoral e do interior.
- Identificación das masas de auga e proposta dun plan para eliminar os focos de contaminación, mellorar a depuración das augas fecais e industriais, garantindo un uso sostible do recurso compatible co cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos.

Como documentación anexa ao informe, xunta tres planos coas localizacións das diferentes zonas GAL identificadas anteriormente.

Concello das Pontes de García Rodríguez

A continuación se detallan as observacións e suxestións feitas:

- Que na páxina 7 do documento de inicio dise que o encoro do Eume atópase no Concello de Monfero, cando o límite natural entre este Concello e o das Pontes é a metade do curso do río Eume, polo que parte de dita infraestrutura está situada en Monfero e parte nas Pontes. Ademais, na páxina número 10 dise que o PXOM está recén licitado, cando na realidade foi contratado en data do 29 de novembro de 2011 e remitido o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data do 25 de abril do ano en curso (saída nº 1504).
- Que a aparición dun elemento xeográfico novo, das dimensións e singularidade do lago, que sen dúbida algunha será un elemento de gran potencialidade dinamizadora social económica, require da planificación dos seus usos compatibles non só ter en conta a preservación do medio natural e a súa sustentabilidade, senón conxugar estes elementos cos posibles usos industriais, turísticos, de lecer, ou outros de natureza variada que permitan aos cidadáns residentes no Concello e nos concellos veciños ter unha vida digna e con futuro.
- Que en relación á suxestión anterior, se cree firmemente que o eixe lago-escombreira-monte Forgoselo (este último encadrado dentro do LIC ES1110013 Xubia-Castro), pode ser un novo motor dinamizador do territorio e no que seguramente os usos que deban de definirse nestes tres espazos terán que acordarse como si foran un só.
- Que o PTI da bacía do río Eume debe buscar o xeito de compatibilizar o equilibro do medio natural coa continuación das actividades industriais e empresariais que xa se desenvolven nos polígonos da localidade e a potenciación das que se esperan levar a cabo nas ampliacións previstas, tratando de conxugar, como non poden ser de outro xeito, a diversificación das novas actividades que se proxecten cos asentamentos industriais xa existentes nas inmediacións, como pode ser o situado ao carón do lago, cunha superficie de 183.539 m_2 distribuídos ao longo da estrada AC-861 e da autovía AG-64, cuxas edificacións están en moi bo estado funcional e que contan con todos os servizos básicos.
- Que este Concello ofrece e espera a maior coordinación posible das actuacións de ambas as dúas institucións de cara a obter o mellor resultado na esencial tarefa de ordenar o territorio.

Sociedade Galega de Historia Natural

Expón que:

- Considera necesaria e urxente a redacción e aprobación dun Plan territorial integrado para a bacía hidrográfica do río Eume, polo que o comezo da súa realización é unha boa nova.

- Debido á diversidade de hábitats e de condicións socioeconómicas, esta bacía sería un ámbito privilexiado para desenvolver e implantar novos modelos produtivos baseados no desenvolvemento sostible e nas propostas do Sexto Programa de Acción da Comunidade

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Europea en materia de medio ambiente (que, ademais, poderían ser moi valiosos cara á elaboración de novos PTIs) e que sexan coincidentes coas esixencias das normativas vixentes en canto a acadar unha maior cohesión económica e social do territorio, cun enfoque claro cara a conservacións dos importantes espazos naturais que o conforman.

- Que o eixe vertebrador do PTI deberá ser o propio río Eume, a través do cal se deberán organizar as diferentes unidades de xestión cun criterio de interdependencia entre elas, dedicando unha especial atención ao ordenamento dese 56% da superficie da bacía do Eume (26.458 ha das 47.000 ha) que goza dalgunha figura de protección legal coa categoría de parque natural. Neste senso, salienta que ditos espazos protexidos carecen dunha planificación axeitada, o cal está a levar consecuencias moi negativas coma a merma nas condicións ambientais por mor de explotacións forestais pouco produtivas, a perda de superficie dalgúns hábitats prioritarios e o deterioro da paisaxe; a redución da calidade de vida das poboacións, o cal que favorece o declive demográfico, e o abandono da funcionalidade de elementos culturais que pon en perigo a súa persistencia.
- Que no modelo de planificación se deben priorizar á hora de elaborar programas de desenvolvemento as actividades produtivas que aproveiten de xeito sustentable os recursos renovables e muden o modelo baseado no sector mineiro que, logo de case tres décadas de explotación no xacemento de lignitos ameaza con novos proxectos como a pretentida mina de andalucita en Pico Vello e que pon en perigo a bacía fluvial do Belelle e ameaza a captación de auga deste río para abastecemento humano do Concello da Capela. Ademais, considérase que cumpre os requisitos legais sobre cuadrículas mineiras.
- Que deberán definirse de xeito realista as características socioeconómicas actuais e as previsións para o futuro e, en base a isto, os obxectivos a acadar polo PTI.
- Que malia coincidir na opinión de que a contorna da vila das Pontes merece unha consideración especial, semella erróneo e desafortunado que a elaboración do PTI se centre no lago artificial das Pontes e na súa contorna pois:

  ✓ Practicamente non abrangue ningún espazo protexido.
  ✓ Restan aínda cinco anos de seguimento da suposta “restauración do oco da mina” para observar o comportamento da masa de auga e o seu entorno, así como a estabilidade do macizo. A propia ENDESA, responsable de dito seguimento, recoñece que ata o remate deste prazo non se poderá achegar consideración algunha sobre os resultados. Resulta arriscado edificar nun espazo do que se descoñece o seu comportamento a medio e longo prazo.
  ✓ Mesmo está no aire a continuidade futura da actividade da central térmica debido á baixa produtividade dos últimos anos, co risco conseguinte de desmantelamento de diferentes actividades industriais subsidiarias da eléctrica.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

ANEXO II: Aspectos clave e criterios de sustentabilidade

- **PAISAXE**:

Aspecto clave: Integración paisaxística *(modo no que se considera a paisaxe e a integración das actuacións nesta)*

Obxectivo: **Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe.** Criterios:

- Contribuír á definición dun modelo territorial e de xestión do territorio que favoreza unha correcta lectura paisaxística do ámbito, que teña en conta a preservación das vistas panorámicas desde os puntos de observación máis relevantes, así como dos espazos que pola súa singularidade ou calidade escénica merezan ser preservados.
- Propoñer medidas que incentiven o mantemento e posta en valor da paisaxe, como aquelas que favorezan a conservación dos elementos de estruturación e conectividade e a restauración dos espazos degradados.
- Favorecer a identificación coa paisaxe por parte dos residentes e contribuír a o seu uso e desfrute público.
- Garantir a calidade paisaxística das actuacións, con especial atención ás novas actividades que poda acoller a contorna do lago localizado no Concello das Pontes de García Rodríguez.

Obxectivo: **Favorecer a integración paisaxística.** Criterios:

- Integrar a compoñente paisaxística, establecendo medidas específicas que favorezan a integración paisaxística do posible desenvolvemento dos espazos sinalados como aptos para servir de soporte ás grandes infraestruturas, dos equipamentos e servizos de interese común para os Concellos do ámbito e das superficies de solo estimadas que deban reservarse con destino á construción de vivendas de protección oficial ou promoción pública de solo industrial.

- **PATRIMONIO NATURAL**:

Aspecto clave: Conservación do patrimonio natural *(grao no que se pode afectar aos espazos de interese natural)*

Obxectivo: **Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais.** Criterios:

- Contribuír á conservación e posta en valor dos espazos incluídos na Rede galega de espazos naturais, na Rede Natura 2000 e daquelas áreas protexidas por instrumentos internacionais presentes no ámbito de influencia do Plan.
- Promover a protección daquelas áreas ou formacións que presenten interese no ámbito da bacía polos seus valores físicos ou naturais e que complementen a funcionalidade das áreas xa protexidas.
- Contribuír á conservación e mantemento dos hábitats de interese comunitario, así como das especies de flora e fauna incluídas nalgunha categoría de protección.
- Considerar zonas de transición que sirvan de amortecemento entre os diferentes usos ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del.
- Promover a restauración dos sistemas naturais deteriorados.

Obxectivo: **Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais.** Criterios:

- Fomentar a utilización racional dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren, evitando a presión sobre recursos fráxiles.

Aspecto clave: Fragmentación do territorio *(como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e formación de barreiras)*

Obxectivo: **Favorecer a conectividade ecolóxica.** Criterios:

- Prever mecanismos para favorecer a conectividade ecolóxica do territorio, especialmente entre os espazos naturais protexidos, considerando como principais corredores ecolóxicos os cursos fluviais e a vexetación de ribeira, as sebes en zonas agrícolas, as zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexo entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna. Asemade promoverase a adaptación das infraestruturas que podan supoñer un efecto barreira.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Evitar que a análise do territorio provoque efectos barreira sobre o territorio en xeral e sobre os movementos das especies faunísticas, en particular. Promoverase a redución no número de elementos e infraestruturas que teñan tal efecto.

- **PATRIMONIO CULTURAL**:

Aspecto clave: Conservación do patrimonio cultural *(grao en que se poden afectar os espazos de interese patrimonial)*

Obxectivo: **Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais.** Criterios:

- Promover a conservación dos elementos de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico incorporándoos ao diagnóstico do territorio e establecendo usos adecuados aos seus valores e nas súas zonas de afección. Promover medidas para a súa restauración, rehabilitación e conservación.
- Fomentar a revitalización das zonas históricas como ámbitos residenciais e de actividade.
- Poñer en valor os elementos identificados, promovendo medidas para a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación.

Obxectivo: **Favorecer a integración cos elementos patrimoniais.** Criterios:

- Promover a compatibilidade con calquera elemento ou ámbito de interese do patrimonio cultural e, cando corresponda, cos seus plans especiais.
- Promover a integración dos elementos patrimoniais sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna, nin perturbar a súa contemplación.

- **OCUPACIÓN DO TERRITORIO:**

Aspecto clave: Calidade do solo *(a posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación)*

Obxectivo: **Promover a minimización do consumo de solo e a racionalización do seu uso.** Criterios:

- Analizar as necesidades no ámbito en función das súas características e das da contorna na que se insire.
- Estimar a superficie de vivendas en réxime de protección e o solo industrial de promoción pública en base á dinámica socioeconómica e ao modelo territorial.
- Promover a coordinación da planificación e da xestión urbanística entre os concellos afectados.

Aspecto clave: Vocacionalidade de ámbitos *(modo en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo)*

Obxectivo: **Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva e potencialidade.** Criterios:

- Favorecer o desenvolvemento dun modelo territorial acorde coas súas características, considerando, na capacidade de acollida a potencialidade do solo para os distintos usos (agrogandeiro, forestal, mineiro, etc).
- Protexer e preservar as zonas de alto valor ecolóxico e fraxilidade, así como os solos agrarios e forestais de maior potencial produtivo.
- Promover a preservación dos solos situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, ou dos espazos de especial valor, establecendo áreas de transición entre estes e as zonas urbanizadas ou susceptibles de selo.
- Identificar os espazos degradados e promover a súa recuperación e posta en valor, de ser o caso.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Aspecto clave: Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos *(grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que podan influír en dita exposición)*

Obxectivo: **Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos.** Criterios:

- Identificar as zonas afectadas por calquera tipo de risco natural ou tecnolóxico, establecendo a necesidade de excluír estes terreos do proceso urbanizador ou limitar en todo caso, os usos polos que poidan verse afectadas as persoas, os bens e os materiais.
- Evitar a xeración de novos riscos ou incremento dos existentes.

- **SOCIEDADE:**

Aspecto clave: Calidade de vida da poboación *(contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados á contorna)* e cohesión social *(contribución á promoción da igualdade de oportunidades e do acceso aos servizos públicos)*

Obxectivo: **Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos.** Criterios:

- Promover desenvolvementos urbanísticos axustados á realidade socioeconómica no ámbito e acorde co modelo territorial.
- Promover unha oferta de equipamentos e espazos libres públicos adecuada ás necesidades da poboación actual e futura (asistenciais, sociais, educativas, culturais e deportivas) tendo en conta a situación do ámbito no modelo territorial.
- Garantir a dotación dos servizos urbanísticos básicos para dar resposta ás necesidades da poboación.
- Prever espazos e sistemas que faciliten a implantación de Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC).

Obxectivo: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano.** Criterios:

- Favorecer unha paisaxe de calidade promovendo a integración das novas actuacións na contorna na que se asentan.
- Promover a configuración dunha unha rede de espazos libres continua, diversificada e accesible, favorecendo a interacción das persoas coa natureza.
- Establecer solucións que garantan o amortecemento das posibles afeccións das actuacións previstas con respecto as áreas residenciais existentes.
- Establecer actuacións que procuren a preservación da identidade propia dos asentamentos.

Obxectivo: **Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión.** Criterios:

- Estimar unha porcentaxe de vivendas baixo figuras de protección, favorecendo o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades.
- Promover a creación unha rede de espazos para a convivencia, ocio, exercicio, intercambio e outros usos múltiples en función das características da poboación.

Aspecto clave: Gobernanza *(eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións)*

Obxectivo: **Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións.** Criterios:

- Favorecer o dereito de información e establecer mecanismos de participación social nas distintas fases do planeamento.
- Promover a adopción de acordos coa Administración e con outros organismos para o desenvolvemento socioeconómico no ámbito.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- **ECONOMÍA:**

Aspecto clave: Equilibrio no desenvolvemento económico *(como se atende ao feito da concentración do desenvolvemento económico nunhas áreas en detrimento doutras)*

Obxectivo: **Favorecer o desenvolvemento económico.** Criterios:

- Prever a creación de novos espazos de actividade acorde á estrutura económica actual e ás oportunidades do ámbito en relación á súa área de influencia e ao modelo territorial das DOT.
- Reforzar as actividades económicas que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva promovendo novas actividades vinculadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos.
- Favorecer a integración da actividade comercial cos usos residenciais tanto nos novos desenvolvementos como nas tramas existentes.
- Promover espazos destinados á investigación, á innovación e a viveiros de empresas como elementos de dinamización e xeración dun tecido produtivo e diversificado.

Aspecto clave: Competitividade económica *(idoneidade da elección e da localización dos usos produtivos na relación ao grado de competitividade económica)*

Obxectivo: **Optimizar a eficiencia das actividades económicas.** Criterios:

- Fomentar a aplicación dos principios da ecoloxía industrial na planificación e deseño dos desenvolvementos industriais, considerando a implantación de procesos de innovación.
- Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades industriais previstas.

- **MOBILIDADE:**

Aspecto clave: Necesidades de mobilidade *(influencia nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercancías)*

Obxectivo: **Reducir as necesidades de mobilidade.** Criterios:

- Analizar as necesidades de mobilidade obrigada derivadas do modelo urbanístico no ámbito e a súa afección sobre o sistema de asentamentos existente.
- Favorecer a planificación integrada dos usos do solo e o transporte co obxectivo de favorecer a accesibilidade e reducir a mobilidade obrigada no ámbito.

Aspecto clave: Equilibrio no reparto modal *(relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros modos)*

Obxectivo: **Facilitar unha conectividade eficiente.** Criterios:

- Establecer unha zonificación que favoreza a accesibilidade aos principais puntos tractores (servizos, equipamentos, áreas de interese ou aquelas zonas derivadas da mobilidade obrigada), dentro ou fóra do ámbito, prestando especial atención aos desprazamentos nos modos de transporte sustentable (transporte colectivo, a pé ou en bicicleta).
- Deseñar unha malla de mobilidade eficiente en función das características do tráfico xerado, potenciando a utilización doutros modos de transporte alternativos ao vehículo privado.
- Prever a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte considerando as infraestruturas necesarias para cada unha delas e establecendo as medidas que permitan a súa convivencia.

- **ENERXÍA:**

Aspecto clave: Consumo enerxético *(forma na que se atende ás necesidades enerxéticas, aos esforzos para a redución do consumo enerxético e á potenciación das enerxías renovables)*

Obxectivo: **Promover o aforro no consumo enerxético.** Criterios:

- Promover unha planificación adecuada aos recursos dispoñibles e previstos, que garanta a viabilidade do subministro e procure a conexión das novas redes coas existentes.
- Promover a incorporación de criterios bioclimáticos na planificación urbanística da edificación (localización, tipoloxía, orientación, etc.).

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

- Integrar o concepto de eficiencia enerxética no deseño das mallas urbanas, creando estruturas compactas e complexas, integradas cos tecidos urbanos existentes.
- Intervir nas características nas redes de alumeado público e dos alumeados exteriores privados do planeamento urbanístico co fin de minimizar o consumo enerxético no ámbito.

Obxectivo: **Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables.** Criterios:

- Promover o establecemento mínimo no planeamento urbanístico de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados) que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.

- **ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO:**

Aspecto clave: Calidade do aire *(medida en que se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do aire que permitan unha contorna saudable)*

Obxectivo: **Contribuír á redución das emisións contaminantes.** Criterios:

- Regular a implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes, co obxectivo de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos.
- Para os novos desenvolvementos, promover medidas específicas que contribúan a reducir as emisións en canto á edificación (materiais de construción, sistemas de calefacción, etc.) e á mobilidade (eficiencia dos desprazamentos).
- Establecer medidas de cara á redución da contaminación lumínica.

Obxectivo: **Reducir os efectos negativos da contaminación atmosférica sobre a poboación.** Criterios:

- Considerar a zonificación acústica na ordenación, establecendo medidas de cara a minimizar os efectos das emisións acústicas sobre a poboación
- Limitar o desenvolvemento de novas áreas residenciais en zonas afectadas por contaminación fisicoquímica ou electromagnética.

Aspecto clave: Emisións de gases de efecto invernadoiro (*modo en que se xestionan as emisións de GEI, esforzos cara a súa redución)*

Obxectivo: **Favorecer a redución das emisións dos GEI.** Criterios:

- Contribuír ao cumprimento dos obxectivos de redución de GEI establecidos pola Estratexia de Cambio Climático asociados á planificación territorial.

- **CICLO HÍDRICO:**

Aspecto clave: Calidade da auga *(consideración da calidade dos recursos hídricos, tanto no mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas)*

Obxectivo: **Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos.** Criterios:

- Estudar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento.
- Promover o mantemento do bo estado dos recursos hídricos, promover a mellora daquelas masas de auga deterioradas e garantir a funcionalidade dos ecosistemas ligados ao medio acuático.
- Establecer a necesidade de evitar as afeccións sobre as fases do ciclo hídrico derivadas do desenvolvemento dos planeamentos, como a modificación da rede superficial, a alteración da calidade das augas superficiais e/ou subterráneas, a incidencia no réxime de correntes ou a delimitacións de zonas con risco de asolagamento.
- Promover a permeabilidade natural dos terreos, reducindo ao máximo a superficies de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS) precisas para garantir cualitativa e cuantitativamente o retorno da auga pluvial ao medio receptor.
- Garantir a non afección daqueles espazos ligados ao medio hídrico, delimitando a súa zona de protección e regulando as actuacións que se podan desenvolver nas zonas de servidume e de policía.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Obxectivo: **Garantir o tratamento axeitado das augas residuais.** Criterios:

- Valorar as características e a cobertura das redes de saneamento e dos sistemas de tratamento existentes xustificando a capacidade para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertido ao medio.
- Prever redes de saneamento de tipo separativo para os novos desenvolvementos (residencial, industrial ou terciario), establecendo sistemas de saneamento autónomo para os de tipo industrial.
- Promover solucións específicas adaptadas ás particularidades dos núcleos rurais, como pode ser o emprego de técnicas de baixo custo ou autónomas.

Aspecto clave: Consumo de recursos hídricos *(forma na que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos)*

Obxectivo: **Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento en función das demandas estimadas.** Criterios:

- Valorar a cobertura e estado das redes de abastecemento existentes e xustificar a capacidade dos sistemas para novos desenvolvementos (tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e da suficiencia dos recursos hídricos segundo as unidades de bacía), establecendo as medidas necesarias para garantir o servizo ao conxunto da poboación.

Obxectivo: **Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos.** Criterios:

- Fomentar a implantación, nos novos desenvolvementos ou nas actuacións de urbanización que se vaian a desenvolver polo Concello, de sistemas e mecanismos de aforro do recurso hídrico.
- Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.

- **CICLO DE MATERIAIS:**

Aspecto clave: Xeración de residuos *(modo no que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución da xeración)*

Obxectivo: **Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.** Criterios:

- Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa reutilización e reciclaxe.
- Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos no ámbito.

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

ANEXO III: Indicadores dos obxectivos ambientais

Co obxecto de avaliar a sustentabilidade do Plan e facilitar o seu seguimento, a continuación se facilitan algúns indicadores que permiten comparar a realidade "antes" coa situación planificada. Esta proposta deberá ser completada polo promotor con aqueles indicadores que considere necesarios para unha completa diagnose do territorio.

O ISA incorporará un cadro resumo tomando como referencia a estrutura que figura a continuación, ou a xustificación técnica precisa para non incluílos no plan de seguimento.

PAISAXE

Obxectivo: Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe

Áreas de protección paisaxística	
Descrición:	Indica a superficie do ámbito protexida en base ao seu valor paisaxístico polo planeamento urbanístico dos Concellos afectados
Fonte de datos:	Planeamento urbanístico dos Concellos afectados
Método de cálculo:	(Superficie de protección paisaxística/Superficie total do ámbito)*100
Unidade de medida:	% e ha NOTA: A superficie de protección paisaxística considerará o solo clasificado como solo rústico de protección paisaxística ou equivalente recollida no planeamento vixente en cada Concello, no ámbito do Plan. Aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Superficie de paisaxes con protección	
Descrición:	Indica a porcentaxe do ámbito que conta con enclaves protexidos polos seus valores paisaxísticos, segundo a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia (Paisaxe protexida), así como aqueles incluídos nos Instrumentos de ordenación do territorio e nas áreas de especial interese paisaxística contempladas nos catálogos da Paisaxe
Fonte de datos:	Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI), Instituto de Estudos do Territorio
Método de cálculo:	(Superficie que conta con figuras de protección da paisaxe/Superficie total do ámbito)*100
Unidade de medida:	% e ha NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

PATRIMONIO NATURAL

Obxectivo: Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais

Superficie de espazos naturais protexidos

Descrición:	Indica a superficie do ámbito incluída na Rede Natura 2000, así como a recollida nalgunha das categorías da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia e da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade
Fonte de datos:	Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)
Método de cálculo:	(Superficie de espazos naturais protexidos/Superficie total do ámbito)*100 NOTA: Os datos presentaranse por superficie total protexida no ámbito, e tamén de xeito desagregado (por figura de protección). Contabilizarase unicamente a superficie terrestre dos espazos naturais protexidos. As superficies coincidentes con máis de unha figura de protección non serán acumulables
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Espazos naturais con instrumentos de planificación

Descrición:	Determina a superficie terrestre de espazos naturais protexidos da Rede Galega Espazos Protexidos que conta cunha figura de planificación aprobada
Fonte de datos:	Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)
Método de cálculo:	(Espazos naturais protexidos con instrumentos de planificación / Espazos naturais protexidos da RGEP)*100 NOTA: Os datos presentaranse por superficie total protexida no ámbito, e tamén de xeito desagregado (por figura de protección). Contabilizarase unicamente a superficie terrestre dos espazos naturais protexidos. As superficies coincidentes con máis de unha figura de protección non serán acumulables
Unidade de medida:	% e ha NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Elementos de interese para a biodiversidade e xeodiversidade

Descrición:	Informa sobre a superficie total do ámbito que presenta elementos de interese para a conservación da biodiversidade e xeodiversidade
Fonte de datos:	Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)
Método de cálculo:	(Superficie de espazos de interese para a biodiversidade e xeodiversidade/Superficie total do ámbito)*100 NOTA: Incluiranse os hábitat da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, os espazos incluídos no Inventario de humidais de Galicia, os puntos de interese xeolóxico (PIX), as áreas de protección da avifauna establecidas no Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen as medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión e os sectores do ámbito que conten con Plan de conservación de especie aprobado, entre outros
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Obxectivo: Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais

Áreas de especial protección ambiental

Descrición:	Aporta información sobre a superficie protexida polos planeamentos urbanísticos municipais en relación cos espazos do ámbito que presentan un recoñecido valor ambiental
Fonte de datos:	Planeamento urbanístico municipal dos Concellos afectados
Método de cálculo:	(Superficie de solo de protección dos espazos naturais /(Superficie de espazos protexidos+Superficie de espazos con elementos con valores ambientais identificados polo PTI))*100
Unidade de medida:	%
	NOTA: a superficie de solo de protección dos espazos naturais considerará o solo clasificado como solo rústico de protección dos espazos naturais, ou similar, recollida no planeamento vixente en cada Concello, no ámbito do Plan. Aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Obxectivo: Favorecer a conectividade ecolóxica

Superficie de interese para a conservación en corredores

Descrición:	Coñecer a superficie para a conservación en corredores ecolóxicos no ámbito. Os corredores, tomando como base territorial os cursos de auga, defínense como elementos que garanten, non só a conectividade biolóxica, senón os fluxos de auga, materiais e enerxía, colaborando a evitar a fragmentación da paisaxe
Fonte de datos:	Planeamento urbanístico dos Concellos afectados, Instituto de Estudos do Territorio (CMATI)
Método de cálculo:	(Superficie para a conservación en corredores /Superficie total do ámbito)*100
	NOTA: para o cálculo teranse en conta todos os corredores definidos, tanto polo propio Plan como polo POL, no caso dos Concellos costeiros de Cabanas e Pontedeume
Unidade de medida:	%
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

PATRIMONIO CULTURAL

Obxectivo: Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais

Áreas de protección dos bens patrimoniais

Descrición:	Coñecer a superficie protexida para a preservación do patrimonio no planeamento urbanístico dos Concellos respecto ao total do ámbito
Fonte de datos:	Planeamento urbanístico dos Concellos afectados
Método de cálculo:	(Superficie de solo de protección patrimonial /Superficie total do ámbito)*100
Unidade de medida:	%
	NOTA: a superficie de solo de protección patrimonial considerará o solo clasificado como solo rústico de protección de patrimonio ou equivalente, recollida no planeamento vixente en cada Concello, no ámbito do Plan. Aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Obxectivo: Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais

Número de Bens de interese cultural (BIC)

Descrición:	Coñecer o número de elementos patrimoniais declarados BIC e a súa distribución no territorio
Fonte de datos:	Departamento con competencias en materia de patrimonio cultural.
Método de cálculo:	Sen cálculo
Unidade de medida:	Número
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Número de Bens patrimoniais

Descrición:	Coñecer o número de elementos patrimoniais e a súa distribución no territorio
Fonte de datos:	Departamento con competencias en materia de patrimonio cultural.
Método de cálculo:	Sen cálculo
Unidade de medida:	Número
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Obxectivo: Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso

Usos do solo

Descrición:	Identificar a superficie do ámbito ocupada por usos de dinámica natural respecto ao total
Fonte de datos:	PTI
Método de cálculo:	(ha Superficie de usos de dinámica natural/ ha Superficie do ámbito)*100
Unidade de medida:	% e ha NOTA: aportaranse os datos da superficie (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Usos do solo (2)

Descrición:	Porcentaxe de superficie no ámbito ocupada por usos de cada tipo de sistema (cultural, construído…etc.) respecto do total do ámbito do PTI
Fonte de datos:	Sistema de Información de Ocupación do Solo en España (SIOSE) para Galicia
Método de cálculo:	Usos do solo US (%) = 100 x [ha Superficie de cada tipo de sistema no PTI] / [ha superficie ámbito PTI] NOTA: calcularase por Concello e para o ámbito do PTI. Calcúlarase a porcentaxe de superficie dos sistemas e dinámicas predominantes dos usos do solo a partir da clasificación da ocupación do solo. Emprégase o nivel de cobertura simple do modelo de datos SIOSE, clasificando estas coberturas en función dos seus sistemas e dinámicas predominantes dentro de cada municipio
Unidade de medida:	% e ha NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

galicia

Obxectivo: Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso

Vivendas familiares

Descrición:	Mostrar o actual número de bens inmobles e as tipoloxías de vivendas (principais, secundarias ou baleiras-outras) para cada ámbito segundo o último censo.
Fonte de datos:	PTI, IGE
Método de cálculo:	(Nº de vivendas de determinada tipoloxía /Nº de vivendas totais)*100
Unidade de medida	% NOTA: Tipoloxía de vivendas (`principal, secundaria, baleira etc.).Aportaranse os datos considerados
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Obxectivo: Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva e potencialidade

Solo de uso agrícola

Descrición:	Indica a superficie do ámbito protexida polo planeamento dos Concellos afectados en base á potencialidade e uso agrícolas dos terreos
Fonte de datos:	Planeamento urbanístico dos Concellos afectados, SIGPAC (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), SIOSE (Ministerio de Fomento), concentración parcelaria (Consellería de Medio Rural e do Mar), mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia (Francisco Díaz-Fierros), mapa de solos de Galicia (Felipe Macías Vázquez)
Método de cálculo:	(Superficie de solo protexida para o uso agrario / Superficie agrícola no ámbito (usos e potencialidade do solo))*100
Unidade de medida:	% NOTA: a superficie de solo de protexida para o uso agrario considerará o solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, ou equivalente, recollida no planeamento vixente en cada Concello, no ámbito do Plan. Aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas.
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Solo de uso forestal

Descrición:	Indica a superficie do ámbito protexida polo planeamento en base á potencialidade e usos forestais dos terreos
Fonte de datos:	Planeamento urbanístico dos Concellos afectados, mapa forestal de España e SIGPAC (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), SIOSE (Ministerio de Fomento), solo afectado por incendios forestais (CMATI), mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia (Francisco Díaz-Fierros)
Método de cálculo:	(Superficie ”solo protección de uso forestal”/Superficie forestal do ámbito (usos do solo))*100
Unidade de medida:	% NOTA: a superficie de solo de protexida para o uso forestal considerará o solo clasificado como solo rústico de protección forestal, ou equivalente, recollida no planeamento vixente en cada Concello, no ámbito do Plan.aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Obxectivo: Evitar ou reducir os riscos naturais

Reserva de solo en áreas expostas a risco de inundación

Descrición:	Este indicador persegue medir a superficie de solo susceptible de ser construído que está en zona con risco de inundación
Fonte de datos:	Organismo de bacía
Método de cálculo:	(m^2 SUNC e Surbanizable) / (m^2 zona incluída en ZFP) (m^2 SUNC e Surbanizable) / (m^2 zona incluída en Chaira de inundación asociada a T=500 anos) ZPF zona de fluxo preferente
Unidade de medida:	m^2/ m^2
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Edificación en áreas expostas a riscos de inundación

Descrición:	Superficie edificada en zonas con risco de inundación
Fonte de datos:	Organismo de bacía
Método de cálculo:	(m^2 edificados) / (m^2 zona incluída en ZFP) (m^2 edificados) / (m^2 zona incluída en Chaira de inundación asociada a T=500 anos) ZPF zona de fluxo preferente
Unidade de medida:	m^2/ m^2
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

SOCIEDADE

Obxectivo: Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos

Equipamentos de uso público

Descrición:	Informa sobre a superficie reservada ou ocupada dos equipamentos de uso público no ámbito en relación á poboación existente en cada Concello
Fonte de datos:	PTI
Método de cálculo:	Superficie total de cada tipoloxía de equipamentos/Nº de habitantes Calcularase segundo a tipoloxía de equipamento (ambiental, docente, sanitario, deportivo, relixioso etc.) para cada Concello afectado e para a totalidade do ámbito co fin de definir correctamente a situación dos equipamentos e servizos de interese común para os municipio da bacía, evitando o desequilibrio territorial.
Unidade de medida:	m^2/hab.
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Difusión e participación pública

Descrición:	Informa sobre os procesos de participación que foron realizados ao abeiro do proceso de planificación mais alá do proceso de participación pública esixida por lei
Fonte de datos:	PTI
Método de cálculo:	Nº de accións e porcentaxe de participación
Unidade de medida:	Numérica NOTA: especificarase a tipoloxía das accións e a temporalidade

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

MOBILIDADE

Obxectivo: Reducir as necesidades de mobilidade

Repartición modal da mobilidade cotiá

Descrición:	Este indicador reflicte a repartición modal de desprazamento da poboación, é dicir a porcentaxe de cada un dos modos habituais de desprazamento da poboación respecto ao total.
Fonte de datos:	Censo de cada Concello
Método de cálculo:	100• Nº de persoas que se desprazan habitualmente en cada medio de transporte / Nº total de persoas desprazadas Os modos de transporte que se consideran: Vehículo privado motorizado, Vehículo motorizado combinando público e privado, Vehículo motorizado público, Mobilidade alternativa, outros e non aplicable (maiores de 15 anos que estudan ou traballan no seu propio domicilio, en varios municipios ou que se desprazan a estudar ou traballar dende unha segunda residencia)
Unidade de medida:	%
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

CICLO HÍDRICO

Obxectivo: Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos

Espazos protexidos

Descrición:	Este indicador permite identificar as zonas protexidas declaradas polo Plan hidrolóxico dependendo da súa tipoloxía
Fonte de datos:	Organismo de bacía
Método de cálculo:	Inventario de espazos protexidos por tipoloxía
Unidade de medida:	Numérico
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

ANEXO IV: Especificacións técnicas

Toda a documentación do Plan, incluída a cartográfica, entregarase en **formato impreso e dixital**, cun grao de detalle tal que posibilite avaliar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade establecidos. Respecto da información xeográfica, seguiranse as seguintes especificacións técnicas.

1. Respecto da calidade dos datos xeográficos e do sistema xeodésico de referencia

Os datos xeográficos serán aportados en formatos compatibles con sistemas de información xeográfica (SIX). Se consideran datos de SIX a estes efectos os datos almacenados en formato SIX cunha referenciación xeográfica ligada a un sistema de referencia de coordenadas.

Non se consideran datos SIX aqueles pegados ou almacenados en arquivos sen un sistema de referencia de coordenadas, como son as composicións de mapas (layouts) nalgún dos seguintes formatos: Postcript, JPEG, TIFF, PDF, EPS, WMF, PNG, ou calquera outro formato de imaxe dixital.

O sistema de proxección a empregar será o UTM (Universal Transversal Mercator), adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) ou ED50 (European Datum 1950).

2. Ao respecto dos formatos para os conxuntos de datos espaciais

Os conxuntos de datos espaciais poderán ser datos vectoriais, raster, datos tabulares, ou bases de datos espaciais.

Os datos en formato raster entregaranse preferentemente como bandas individuais, empregando o formato de arquivo Geographic Tag Image File Format (GeoTIFF). En canto aos formatos vectoriais admitirase ESRI shapefile (shp), DGN e DWG e para datos tabulares Microsoft Access Database (mdb), DBASE (dbf) e ficheiros delimitados por comas (CSV).

3. Ao respecto dos metadatos

Os datos xeográficos subministrados deberán ir acompañados dos seus respectivos metadatos co fin de aportar información de identificación cara a súa catalogación. Na seguinte táboa especifícanse os metadatos esixidos e un exemplo cumprimentado.

Táboa 1: Ficha de metadatos.

Título	Zonas protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa - Zona Protexida: Zonas de produción de moluscos bivalvos e gasterópodos (PEAE)
Identificador	PHC10GC_ZPrtx_PEAE_Moluscos
Autor	Servizo de Planificación Hidrolóxica - Augas de Galicia
Data	Xuño 2011
Tema	Planificación hidrolóxica
Descrición	Zonas de produción autorizadas conforme á Orde 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia
Propósito	Determinar as zonas de protección incluídas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa e cumprir coas determinación establecidas na planificación hidrolóxica da *Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas*
Sistema de referencia y coordenadas	European Datum 1950. Proxección UTM. Zona 29
Escala	1:25.000
Fonte	Zonas de produción de bivalvos - Consellería do Medio Rural e do Mar
Idioma	Galego (Gl)
Período de validez	Período de vixencia do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa